

Informe xuntanza Douarnenez 28-30/10/2006

Lugar: Ecole de Pêche de Douarnenez.

Asistentes:

- Jacques Blanken, Asoc. “Un langoustier pour Douarnenez”
- Jean Pierre Philippe: Id., carpinteiro de ribeira.
- Bernard Cadoret, director “Le Chasse Marée”
- Juan Antonio Apraiz, experto patrimonio marítimo vasco
- Fernando Nebreda, representante Orsoaldea/Albaola
- Xabi Agote, Albaola
- Helene Adam, Asoc. “Treizour”/”Le Chasse Marée”
- Joao Baptista, Asoc. “Barcos do Norte”/FGCMF
- Dionisio Pereira, experto patrimonio marítimo galego
- Erwan Galard, Coloque Patrimoine Maritime Brest/Douarnenez 2008
- Patrick Schnnepp, director Musée Maritime de La Rochelle
- Jean-René Donguy, experto patrimonio marítimo francés
- Paul Robert, FRCPM Bretagne
- Alain Decaux, Direction Regionale des Affaires Culturelles (DRAC) Bretagne
- Peter Neill, Presidente do Consello dos museos marítimos de EEUU/Director World Ocean Observatory
- Jean-Christophe Fichou, historiador
- Michel Philippe, presidente FRCPM Bretagne
- John Robinson, European Maritime Heritage

Orde do día: o previsto inicialmente (ver arquivo) foi substituído pola proposta de Albaola (ver arquivo), centrada na definición do Proxecto “Memoria do Atlántico”. Ao respecto chegaronse ás seguintes conclusións:

- Poñer en marcha a “Coordinación Intercultural dos Patrimonios Marítimos Atlánticos”, coa finalidade de artellar unha rede composta polos axentes que traballen en cada país ribereño (América e Europa) na recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo, de maneira que así poidan mellor influír sobre os poderes públicos. Os presentes na reunión se constituíron en Comisión organizadora, mandatada para levar a cabo o programa de acción acordado. A Comisión organizadora, como

Observatorio encargado de establecer e desenvolver as relacións, está aberta á incorporación de colectivos e individualidades dos países representados ou por representar. A representatividade das persoas que a integran pode ser colectiva ou individual, segundo decisión de cada quén, sen que o devandito inflúa nos debates da Comisión. Como coordinador da mesma foi nomeado Xabi Agote de Albaola (Euskadi)

- O programa de acción acordado é o seguinte:
 - Levar a cabo un Coloquio Internacional sobre Patrimonio Marítimo coincidindo coas festas marítimas de Brest/Douarnenez 2008.
 - No Coloquio devandito presentar un Concurso Internacional circunscrito ás beiras do Atlántico, coa finalidade de fomentar o mutuo coñecemento, mobilizar os axentes, sensibilizar á Administración e potenciar a calidade das propostas e iniciativas que se están a levar a cabo nos distintos países. O espírito da convocatoria está recollido no Manifesto “Memoire de L’Atlantique” publicado en “Le Chasse Marée” e “Maritime Life” (ver arquivo).
 - Crear un site web que detecte problemas comúns (no caso das normativas aplicadas aos barcos de interese patrimonial, por exemplo), permita coñecer as diversas iniciativas, facilite os intercambios e a colaboración transversal a todos os niveis, posibilite accións concretas, e contribúa a activar os recursos alí onde estean. Sería un “sitio de sitios”, para o que sería preciso elaborar un Índice dos xa existentes.
 - Partindo das bases do devandito Concurso e da propia experiencia de “Le Chasse Marée”, establecer un “label” (distintivo) de calidade, que identifique os actores das distintas propostas relacionadas coa recuperación do patrimonio marítimo e permita valorizalos: estamos a falar das rehabilitacións e réplicas de embarcacións tradicionais, clásicas ou históricas; festas marítimas; sitios web; museos marítimos... Se procuraría que os “label” devanditos fosen recoñecidos pola UNESCO e os diversos Ministerios de Cultura. Se valora tamén a necesidade de que os distintos axentes, xa sexan organismos culturais (os museos, por exemplo), expertos individuais, ou a cidadanía activa na recuperación do patrimonio marítimo representada nas súas asociacións, participen na elaboración dos criterios nos que se basearán os distintos “label” .

Por último, comezamos a contar cun partenariado e un mecenazgo relevantes, para asegurar tanto un financiamento suficiente como unha imaxe recoñecida.

- Finalmente, se definiron 12 áreas de traballo das que en principio se responsabilizaron diversos asistentes, aínda que os temas están abertos; eis:
 - + Redes (Xabi Agote, Dionísio Pereira)
 - + Índice de sitios web (Patrick Schnnepp)
 - + Confección Sitio web (Peter Neill)
 - + Concurso (“Le Chasse Marée”)
 - + Coloquio 2008 (Bernard Cadoret, Jean-René Donguy)
 - + Comparativa de Lexislacións (European Maritime Heritage, Joao Baptista)
 - + Calendario Festa 2008 (Peter Neill/Le Chasse Marée/European Maritime Heritage)
 - + Publicacións/Media (Peter Neill)
 - + Label (Alain Descaux)
 - + Perfiles dos axentes (Todo o mundo)
 - + Rotas culturais (Peter Neill)
 - + Chat-Forums (Todo o mundo)